



### EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

#### Anuncio

#### EDICTO

#### NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
A PONTENOVA	3º-trimestre-2024	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
O PÁRAMO	4º-trimestre-2024	Taxa subministro auga e Canon Auga Xunta de Galicia
NAVIA DE SUARNA	4º-trimestre-2024	Taxa recollida de lixo
O PÁRAMO	4º-trimestre-2024	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
P O L	4º-trimestre-2024	Taxa pola recollida de residuos urbanos

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 10 de xaneiro de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M<sup>a</sup> del Carmen López Moreno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

#### Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 31 de xaneiro ata 31 de marzo de 2025, ambos os dous incluídos.

#### Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
A PONTENOVA	3º-trimestre-2024	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
O PÁRAMO	4º-trimestre-2024	Taxa subministro auga e Canon Auga Xunta de Galicia
NAVIA DE SUARNA	4º-trimestre-2024	Taxa recollida de lixo

O PÁRAMO	4º-trimestre-2024	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
P O L	4º-trimestre-2024	Taxa pola recollida de residuos urbanos

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, “La Caixa” - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., e Caixa Rural Galega S.C.C.L.G en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extrávan o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderás realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constriximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Lugo, 10 de xaneiro de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M<sup>a</sup> del Carmen López Moreno.

R. 0079

## CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

### *Anuncio*

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo, o acordo plenario provisional do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, do 28 de novembro do 2024, de derogación da Ordenanza fiscal reguladora da prestación do servizo de extinción de incendios, salvamento, expedición de documentos administrativos e determinadas actividades administrativas (cuxa redacción orixinal foi aprobada en sesión plenaria do 28/09/2011), publicado no B.O.P. de Lugo nº 281 do 05/12/2024. O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra o presente acordo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa.

Lugo, 27 de xaneiro de 2025.- O Secretario do Consorcio, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0219

### *Anuncio*

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo, o acordo plenario inicial do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, do 28 de novembro do 2024, de aprobación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento, publicado no B.O.P. de Lugo nº 281 do 05/12/2024.

Contra o presente acordo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa.

O texto íntegro da Ordenanza faise público en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO.

##### Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

O Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento (en diante Consorcio), en uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, do artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en diante LBRL) dos artigos 15 a 27 e 150 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante TRLFL), do artigo 24.c) dos Estatutos do Consorcio aprobados polo Decreto 19/2009, do 5 de febreiro da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (modificados polo Decreto 136/2010 do 5 de agosto, e posteriormente polo Decreto 30/2018 do 8 de marzo), aproba a “taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento” á que fai referencia o artigo 20.4.k) do TRLFL, a cal se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, polo TRLFL, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT), así como polas demais normas de aplicación.

A taxa fundaméntase na necesaria contraprestación económica que deben satisfacer os suxeitos pasivos, para cubrir os custos que xenera a realización dos referidos servizos públicos.

##### Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa, a prestación dos servizos que a seguir se indican:

- A asistencia prestada para prevención e extinción de incendios e/ou alarmas destes, salvamentos en xeral (tanto de persoas como de animais), afundimentos de edificios e construcións, ruínas ou prevencións destas, accidentes de tráfico, inundacións, fugas de gas, aperturas de portas, valoración e/ou retirada de niños de vespa velutina, caída de árbores, e calquera outra situación análoga que motive a necesidade de intervención polos servizos do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento, ben sexa por solicitude de particulares interesados/as, ou ben sexa de oficio por razóns de seguridade sempre que a prestación do devandito servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo.

Só procederá a apertura de portas cando se trate dunha urxencia motivada pola existencia dun risco para as persoas ou os seus bens, ou no interior haxa persoas ancianas, nenos/as ou impedidos/as fisicamente, ou a solicitude dos/as axentes da autoridade.

- A presenza de persoal, vehículos, equipos e materiais do servizo en concentracións, espectáculos e outros, con fins preventivos, incluídos os simulacros.
- Calquera outro servizo de recepción obrigatoria que fora prestado polo Consorcio na materia obxecto desta taxa.
- A realización de actuacións que, aínda non sendo de recepción obrigatoria, foran prestadas polo persoal do servizo a requirimento dos/as interesados/as.

##### Artigo 3º.- Supostos de non suxeición.

Non estarán suxeitos ao pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza, os servizos de prevención xeral realizados a instancia do propio Consorcio, nin aqueles outros servizos que se presten en beneficio da xeneralidade da veciñanza ou dunha parte considerable desta, tales como os prestados en casos de catástrofe ou calamidade pública oficialmente declarada.

##### Artigo 4º.- Suxeito Pasivo.

1.- Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que fai referencia o art. 35 da Lei Xeral Tributaria, incluídos/as os/as mencionados/as no apartado 4 do mesmo, que sexan usuarios/as dos bens sinistrados e que foran obxecto da prestación do servizo, entendendo por usuarios/as, aos propietarios/as, arrendatarios/as, usufructuarios/as e posuidores, por calquera título, dos bens obxecto da/s actuación/s, así como os/as titulares das actividades industriais, comerciais ou profesionais, cando sexan diferentes dos/as propietarios/as, e nos servizos de salvamento, serán obrigados/as tributarios, os/as que teñan solicitado o servizo ou en cuxo interese redunde a prestación realizada.

Respecto á titularidade dos bens e dereitos inscritos en rexistros administrativos, considérase suxeito/s pasivo/s a quen/es figure/n como titular/es no Catastro Inmobiliario (para bens inmobles rústicos, urbanos e de características especiais) e na Dirección Xeral de Tráfico (para vehículos a motor).

2.- Terán a condición de substitutos do contribuínte, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco (art. 23.2.c) do TRLFL).

No caso de que os bens non estean asegurados polo suxeito pasivo, serán substitutos do/a contribuínte, os/as propietarios/as dos inmobles, quenes poderán repercutir, no seu caso, a cota sobre os/as respectivos/as beneficiarios/as.

Artigo 5º.- Responsables.

1.- Serán responsables solidarios da débeda tributaria, as persoas ou entidades ás que fai referencia o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria, as persoas ou entidades ás que fai referencia o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 6º.- Exencións.

1.- Estarán exentos/as os/as seguintes contribuíntes:

- a. Os/as beneficiarios/as do RISGA (Renda de Integración Social de Galicia).
- b. Os/as acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado no punto anterior.
- c. Os/as xubilados/as, pensionistas, desempregados/as de longa duración (inscrito/a ininterrumpidamente na oficina de emprego como demandante durante 12 meses ou máis), e outros/as obrigados/as, sempre e cando xustifiquen que os ingresos anuais globais da unidade familiar á que pertencen é inferior a 1,5 veces o valor do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).
- d. As entidades consorciadas, polos servizos prestados como consecuencia de sinistros que afecten aos bens dos que sexan titulares.

Así mesmo, estarán exentos os seguintes servizos prestados (independentemente de quen/es sexa/n o/s suxeito/s pasivo/s): Realización de simulacros.

Con todo, non procederá exención, cando o/s suxeito/s pasivo/s, estivese/n amparado/s por un seguro que cubrise os gastos derivados da intervención dos servizos do consorcio.

2.- O/s suxeito/s pasivo/s que estea/n na/s situación/s descritas no apartado 1 deste artigo, deberán solicitar a exención por escrito ao Consorcio, acompañando a documentación acreditativa das circunstancias nas que se fundamenta dita exención. O prazo máximo para solicitar a exención será dun mes, contado desde a data da intervención dos efectivos do servizo.

3.- A proba da concorrencia dos requisitos establecidos para a concesión das exencións establecidas no apartado 1 deste artigo, corresponderá ao/s suxeito/s pasivo/s, xuntando a seguinte documentación:

- Copia compulsada/autenticada da nómina, pensión, prestación ou, no seu defecto, certificado bancario do ingreso mensual da nómina, pensión, ou prestación.
- Declaración do IRPF correspondente ao exercicio anterior.
- No seu caso, declaración xurada de non posuir outros ingresos cuxo importe sumado ao da nómina, pensión ou prestación superen os límites marcados neste artigo.
- A que acredite a titularidade do/s ben/s sinistrado/s.
- Póliza de seguro relacionada co ben sinistrado ou, no seu defecto, declaración responsable sobre a súa inexistencia.

O Consorcio poderá solicitar a documentación complementaria que considere necesaria para a acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos. Da mesma forma, poderá ser requirido informe dos Servizos Sociais do Concello en que estea empadroad/a o/a solicitante.

Artículo 7º.- Beneficios Fiscais

Fóra dos supostos indicados nesta ordenanza, non se recoñecen outros beneficios fiscais, salvo os que estean expresamente amparados en normas con rango de lei e os derivados de tratados internacionais.

Artigo 8º.- Base Impoñible, Base Liquidable, Cota Tributaria e Tarifas.

A base imponible desta taxa que será igual á base liquidable, determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais (vehículos, equipos e materiais) empregados na prestación do servizo, o tempo invertido nesta, así como o percorrido efectuado polos vehículos que actúen e, no seu caso, polas especiais incidencias na prestación do servizo.

a) A cota tributaria determinarase pola aplicación das seguintes Tarifas:

VEHÍCULOS	BUL – Bomba Urbana Lixeira	50 €/h ou fracción
	BNP – Bomba Nodriza Pesada	50 €/h ou fracción
	Escala – Vehículo de altura	60 €/h ou fracción

	Vehículos lixeiros	35 €/h ou fracción
	Furgón servizos varios	40 €/h ou fracción
PERSOAL	Bombeiro	18 €/h ou fracción
	Cabo-Xefe de Quenda	22 €/h ou fracción
	Sarxento-Xefe do Servizo	25 €/h ou fracción
	Suboficial	28 €/h ou fracción
EQUIPOS	Equipos ERAS (Respiración autónoma)	24 € /unidade
	Extintores	40 € /unidade
	Mangueiras e Accesorios	15 € / tramo
	Xerador de Espuma	30 €/h ou fracción
	Xerador eléctrico	35€/h ou fracción
	Equipo submarinismo	50 €/h ou fracción
	Lancha rescate e salvamento	40€/h ou fracción
	Detector gases	20 €/h ou fracción
	Bomba achique	25 €/h ou fracción
	Equipo rescate altura/subsolo	30 €/h ou fracción
	Equipo de excarceración	85 €/h ou fracción
MATERIAL	Recarga Aire Comprimido ERA	12 €/unidade
	Espumóxeno	10 € / litro
	Absorbente	15 €/kg.
	Dispersante	8 €/litro
	Spray insecticida contra avespas velutinas	11,50 €/unidade
QUILOMETRAXE	Quilómetro (contabilizarse ida e volta por cada un dos vehículos)	1 €/Km.
TARIFA MÍNIMA	Adicionalmente, cando se realice a prestación de servizos tales como desconexión de alarmas, apertura de portas, retirada de elementos arquitectónicos que ameacen ruína e outros similares, salvo que, da liquidación dos elementos persoais e materiais utilizados resulte unha cota superior.	1 €/Km.
A FRACCIÓN (minutos de exceso sobre as horas completas) computarase do seguinte xeito:		Entre 1 e 30 minutos: 0,5 horas
		Entre 31 e 60 minutos: 1 hora
<b>INCREMENTOS DAS TARIFAS ANTERIORES</b>		
Servizos fóra do ámbito do Consorcio:		Os servizos efectuados fóra do ámbito de actuación dos Parques de Bombeiros que forman parte do Consorcio, sufrirán unha recarga do 50% sobre a tarifa resultante.
Incidentes con materias perigosas		Naqueles incidentes nos que haxa presenza de substancias tóxicas, inflamables, explosivas, etc. en cantidades ou condicións non permitidas polas disposicións legais aplicables, recargarase a tarifa resultante nun 100%.

b) A cota tributaria total, estará constituída pola suma das cantidades resultantes da aplicación das correspondentes tarifas.

Artigo 9º.- Período Impositivo e Devengo.

O período impositivo coincidirá co tempo invertido na prestación dos servizos regulados nesta ordenanza.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir no momento no que saia/n do/s Parque/s de Bombeiros a/s dotación/s correspondente/s para levar a cabo o seu cometido, intre no que se inicia, a todos os efectos, a prestación do servizo, tanto se ao chegar ao lugar do sinistro actúa o persoal, como se non o fai por tratarse dunha falsa alarma ou xa non ser necesario.

Artigo 10º.- Xestión.

Para cada actuación, emitírase informe dando parte da intervención realizada, desde o/s parque/s de bombeiros correspondente/s. En dito informe faranse constar os datos que identifiquen ao/s suxeito/s pasivo/s, describindo a actuación realizada e especificando cantos outros datos sexan precisos para efectuar a liquidación correspondente, entre os que deberán figurar entre outros:

- Lugar e data do sinistro.
- Descrición do desenvolvemento do sinistro e da actuación realizada.
- Hora de saída e de regreso ao/s parque/s.
- Hora de inicio e de finalización da intervención, ou no seu caso, indicación expresa de que se tratou dunha falta alarma e que se voltou ao parque antes de chegar ao punto do sinistro.
- Persoal, vehículos, equipos e material utilizado.
- Kilómetros percorridos por cada un dos vehículos.
- Datos de identificación dos bens afectados (endereço completo ou número de matrícula), dos/as seus/súas titulares e dos/as usuarios/as do servizo (nome e apelidos, dni, teléfono e endereço a efectos de notificacións).
- De ser o caso, denominación social da entidade aseguradora e número da póliza.

Artigo 11º.- Liquidación e ingreso.

1.- De acordo cos datos incluídos no informe da intervención realizada, emitido desde o/s Parque/s de Bombeiros, practícarase a liquidación provisional que corresponda, que será aprobada mensualmente na oportuna resolución conxunta dese fin para notificarse, individualmente, e dar trámite de audiencia aos/ás interesados/as.

Transcorrido o prazo de 10 días desde a recepción das notificacións:

- No caso de non recibirse alegacións, a liquidación provisional converterase automaticamente en definitiva.
- No caso de recibirse alegacións, éstas resolveranse e practícarase a liquidación definitiva que corresponda, que será notificada.

O importe resultante das liquidacións ingresarase conforme á forma e prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación (RXR), aprobado por Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, ben directamente no Consorcio a través da conta bancaria establecida ao efecto ou ben, na Administración pública a quen se tivera delegado, no seu caso, a recadación da taxa.

2.- A liquidación e notificación da taxa, así como a súa xestión recadatoria, tanto en período voluntario como en período executivo, practícarase e notificarase conforme ás normas tributarias aplicables en cada momento.

Artigo 12º.- Prestación do servizo fóra dos concellos integrados no Consorcio.

1.- Para a realización de tal servizo precisarase autorización da Presidencia ou, no seu caso, da Xerencia do Consorcio. Concederase, en todo caso, cando o servizo o permita e o/a solicitante satisfaga a contía da taxa, calculada conforme ao disposto no artigo 8º.

2.- Nos casos en que as circunstancias de urxencia o aconsellen, poderá esixirse o previo pagamento a unha media de 6 horas en que sexa empregado o persoal e material que se requira.

Artigo 13º.- Infraccións e sancións tributarias.

En materia de cualificación das infraccións e da aplicación das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria, e nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

**Artigo 14º.- Delegación**

O Consorcio poderá delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación tributaria da taxa ao Servizo de Recadación da Deputación Provincial de Lugo.

**Artigo 15º.- Convenios con outras entidades.**

O Consorcio poderá establecer convenios con outras entidades, coa finalidade de compensar o custo das actuacións producidas por intervencións a favor de suxeitos pasivos con domicilio fora dos termos da provincia ou do ámbito de actuación do Consorcio, así como para a recadación da taxa correspondente.

**Artigo 16º.- Dereito supletorio.**

1.- Para todo o non previsto na presente Ordenanza, estarase ao disposto ao efecto, polas normas do vixente ordenamento xurídico de aplicación, en especial, ao Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; á Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos; á Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria; e á Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

2.- Así mesmo, serán de aplicación o resto das normas do ordenamento xurídico que derroguen ou modifiquen ás vixentes no momento de aprobarse a presente ordenanza ou durante a vixencia da mesma.

**Disposición Transitoria.-**

Ata a entrada en vigor desta ordenanza, aplicarase a anterior, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 010, de data 13/01/2012.

Disposición derogatoria.- Á entrada en vigor da presente Ordenanza, quedará derogada a Ordenanza Fiscal nº 1 reguladora da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios, salvamento, expedición de documentos administrativos e determinadas actividades administrativas, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 010, de data 13/01/2012.

**Disposición Final.- Ordenación, modificación, entrada en vigor e vixencia.**

1.- A ordenación do tributo regulado pola presente ordenanza, levouse a cabo mediante acordo de aprobación inicial da mesma, adoptado polo Pleno do Consorcio, en sesión celebrada o día 28 de novembro de 2024 e o acordo provisional elevouse automaticamente a definitivo ao finalizar o período de exposición ao público, por non ter recibido reclamacións.

2.- En consonancia co establecido no parágrafo 4 do artigo 17 do TRLRFL, esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro xunto co acordo de aprobación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, e permanecerá vixente de forma indefinida, ata a súa expresa derogación ou modificación, comprendendo dentro destas, calquera modificación no ordenamento xurídico de superior xerarquía que a fagan inaplicable total ou parcialmente, segundo corresponda.

O Secretario do Consorcio, José Antonio Mourelle Cillero.

Lugo, 27 de xaneiro de 2025.- O Secretario do Consorcio, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0220

---

**Anuncio**

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo, o acordo plenario inicial do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, do 28 de novembro do 2024, de aprobación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos e realización de determinadas actividades administrativas, publicado no B.O.P. de Lugo nº 281 do 05/12/2024.

Contra o presente acordo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa.

O texto íntegro da Ordenanza faise público en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS E REALIZACIÓN DE DETERMINADAS ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS.****Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

O Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento (en diante Consorcio), en uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, do artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en diante LBRL) dos artigos 15 a 27 e 150 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante TRLFL), do artigo 24.c) dos Estatutos do Consorcio aprobados polo Decreto 19/2009, do 5 de febreiro da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (modificados polo Decreto 136/2010 do 5 de agosto, e posteriormente polo Decreto 30/2018 do 8 de marzo), aproba a "taxa pola expedición de documentos administrativos e realización de determinadas actividades administrativas", á que fai referencia o artigo 20.4.a) do TRLFL, a cal rexerese pola presente Ordenanza fiscal, polo TRLFL, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT), así como polas demais normas de aplicación.

A taxa fundaméntase na necesaria contraprestación económica que deben satisfacer os suxeitos pasivos, para cubrir os custos que xenera a prestación dos servizos.

**Artigo 2º.- Feito imponible e obriga de contribuir.****1.- Constitúe o feito imponible da taxa regulamentada pola presente Ordenanza:**

- A realización de determinadas actividades e a prestación de concretos servizos a instancia de particulares, por persoal ao servizo do Consorcio, e que se refiran, afecten ou beneficien, de xeito particular, ao suxeito pasivo, e que, foran, ademais, solicitadas ou instadas polo mesmo.
- No que respecta á taxa por dereitos de exame, constitúe o feito imponible da mesma, a actividade técnica e administrativa conducente á selección de persoal de novo ingreso, funcionario ou laboral, entre quenens presenten a solicitude para a inscrición nas convocatorias dos procesos selectivos convocados polo Consorcio.

Non constitúen o feito imponible, os procedementos de provisión de postos de traballo nin os procesos de promoción interna.

**2.- Actividades ou servizos que se inclúen:**

- a. A expedición de copias simples, compulsadas, validadas ou dilixenciadas de calquera documento que pola súa natureza fora susceptible de solicitude.
- b. A expedición de informes emitidos pola Xerencia ou certificación dos mesmos, en materia de intervencións realizadas polos Parques do Consorcio e documentos e/ou fotografías das mesmas.
- c. En expedientes que tramite o Consorcio, os bastanteos de poderes pola Secretaría da Entidade, nos que tal extremo se requira.
- d. A remisión de calquera dos documentos anteriores mediante correo certificado ou ordinario.
- e. A participación nas convocatorias de procesos selectivos de persoal para o Consorcio.

**Artigo 3º.- Suxeito pasivo.**

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa nos termos descritos polos apartados 1 e 2 do artigo 36 da Lei Xeral Tributaria, en concepto de contribuíntes, quedando obrigados ao pago daquela, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que fai referencia o art. 35 da LXT, así como as entidades ás que fai referencia o artigo 23 do TRLFL, que soliciten ou resulten beneficiados/as polos servizos e actividades ás que fai referencia o apartado 2 do Art. 2 da presente Ordenanza.

2.- Serán suxeitos pasivos da taxa por dereitos de exame, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que soliciten a inscrición como aspirantes ás probas selectivas ás que se refire o artigo 2.2e) desta Ordenanza.

**Artigo 4º.- Responsables.**

1.- Serán responsables solidarios da débeda tributaria, as persoas ou entidades ás que fai referencia o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria, as persoas ou entidades ás que fai referencia o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.



#### Artigo 5º.- Exencións.

Estarán exentos do pago da taxa por dereitos de exame:

- a. As persoas que teñan recoñecida unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33%. O grao de discapacidade acreditarase mediante a presentación de fotocopia da Resolución ou documento acreditativo do grao de discapacidade expedido pola Administración Pública competente na materia.
- b. Aqueles/as solicitantes que acrediten a súa condición de demandantes de emprego, durante o prazo, alo menos, dun mes anterior á data da publicación da convocatoria do proceso selectivo, con presentación da correspondente tarxeta de emprego en vigor.
- c. Os membros de familias numerosas que teñan recoñecida tal condición, clasificadas de “categoría especial”, de acordo co artigo 12.c) da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas, debendo acreditarse mediante certificado ou fotocopia do título actualizado de familia numerosa expedido polo órgano competente.
- d. De acordo coa Disposición Adicional Cuarta da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de Recoñecemento e Protección Integral ás Víctimas do Terrorismo, as persoas que teñan a condición de vítimas do terrorismo, cónxuxes ou parellas de feito, así como os seus fillos, debendo acompañar á solicitude certificado acreditativo de tal condición expedido polo órgano competente do Ministerio do Interior, no que conste a identificación da vítima e, no seu caso, o parentesco.

Estas exencións deberán ser rogadas polo/a aspirante, indicándoo na súa solicitude, acompañando á mesma a documentación requirida.

#### Artigo 6º.- Beneficios Fiscais.

Establécese a seguinte bonificación para a taxa por dereitos de exame:

En consoancia co disposto polo artigo 12.1c) da Lei 40/2003 do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas, fíxase unha bonificación do 50% do importe da taxa por dereitos de exame, para os membros das familias numerosas que teñan recoñecida tal condición, clasificadas de “categoría xeral”. Esta bonificación deberá ser rogada polo/a aspirante, indicándoo na súa solicitude, e acompañando á mesma certificado ou fotocopia do título actualizado de familia numerosa expedido polo órgano competente.

Non se concederán outros beneficios fiscais máis que os expresamente determinados nas normas con rango de lei ou os derivados de Tratados Internacionais.

#### Artigo 7º.- Base Impoñible, Base Liquidable, Cota Tributaria e Tarifas.

A base impoñible desta taxa, que será igual á base liquidable, establecerase en función da natureza dos documentos a expedir, ou das actividades a realizar.

Segundo o previsto polo parágrafo 3 do artigo 24 do TRLFL, a cota tributaria determinarase pola aplicación das seguintes tarifas:

NÚMERO	CONCEPTO	CUSTO UNITARIO
1	Por expedición de copias simples, compulsadas, validadas ou dilixenciadas, en soporte-papel ou dixital sobre documentos do Consorcio susceptibles da mesma.	0,50 € cada páxina
2	Por expedición de informes emitidos pola Xerencia en materia de intervencións realizadas polos Parques do Consorcio.	35,00 € cada informe
3	Por expedición de informes emitidos pola Xerencia en materia de intervencións realizadas polos Parques do Consorcio que requiran desprazamento posterior ós feitos.	95,00 € cada informe
4	Por fotografías requiridas acompañando ós informes citados nos números 2 e 3 anteriores.	3,00 € cada fotografía
5	Por expedición de certificados de informes incluídos no número 2.	37,00 € cada certificado
6	Por expedición de certificados de informes incluídos no número 3.	97,00 € cada certificado
7	Por expedición de copias simples, compulsadas, validadas ou dilixenciadas, en soporte-papel ou dixital, dos informes incluídos no número 2.	36,00 € cada copia dun informe

8	Por expedición de copias simples, compulsadas, validadas ou dilixenciadas, en soporte-papel ou dixital, dos informes incluídos no número 3.	96,00 € cada copia dun informe
9	Por expedición de copias simples, compulsadas, validadas ou dilixenciadas de documentos do Consorcio susceptibles da mesma (tanto en soporte-papel como dixital) non incluídos nos apartados anteriores.	0,50 € cada páxina
10	Pola remisión de calquera dos documentos anteriores mediante correo certificado ou ordinario.	4,50 € por cada remisión
11	Bastanteo de poderes por Secretaría.	35,00 € cada poder bastanteo
A cota tritubaria total (puntos 1 ao 11), estará constituída pola suma das cantidades resultantes da aplicación das correspondentes tarifas.		
12.	Por participación nas convocatorias de procesos selectivos de persoal para o Consorcio	30 € para os Subgrupos A1 e A2
		25 € para o Subgrupo B
		20 € para o Subgrupo C1
		15 € para o Subgrupo C2
		60,00 € para procesos selectivos que inclúan probas físicas, psicolóxicas e / ou outras probas específicas
A cota tributaria (punto 12) a satisfacer por cada un dos/as aspirantes, determinarase en función do grupo/subgrupo ao que corresponde a praza a cubrir. Respecto ao persoal laboral, asimilarse ao persoal funcionario e aplicarase a taxa que corresponda en función do nivel de titulación esixido para o acceso á praza que se opte.		

**Artigo 8º.- Período Impositivo e Devengo.**

1.- O período impositivo coincidirá co tempo invertido na prestación dos servizos ou realización das actividades reguladas nesta ordenanza.

2.- No que respecta á taxa por dereitos de exame, nace a obriga de contribuír, no momento no que se presente no rexistro de entrada do Consorcio a solicitude de inscrición nas probas selectivas (á que se deberá xuntar o xustificante do pago da taxa), declarando a vontade de participar nas mesmas, de acordo coa convocatoria correspondente.

3.- Nos demais casos, a taxa queda xerada e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude (cuxo modelo figura no Anexo I desta ordenanza), que inicia a actuación por parte do Consorcio e que, non será realizada nin tramitada se o suxeito pasivo non efectuou o pago do importe que resulte da taxa.

Para o caso no que, na tramitación dos expedientes de contratación ou calquera outro tramitado polo Consorcio, no que se requira a presentación de poderes bastanteados, e se fixera como corrección pola Secretaría do Consorcio, por carecer dese extremo a documentación presentada polo/a interesado/a, esixírase, en todo caso, a este/a, o pago da taxa como beneficiario/a, sen prexuízo da continuación na tramitación do concreto expediente.

**Artigo 9º.- Liquidación e ingreso.**

**A) Taxa por dereitos de exame:**

A taxa esixírase en réxime de autoliquidación, segundo modelo normalizado que acompañará á convocatoria, e que especificará os detalles de declaración, liquidación e ingreso. O ingreso poderá facerse efectivo durante o tempo en que permaneza aberto o prazo para a presentación de solicitudes de participación, que será o determinado en cada unha das bases que rixan as convocatorias para a provisión, nos seus distintos rexímenes, ás prazas que se oferten.

A autoliquidación deberá presentarse en todo caso, reflectindo as correspondentes exencións ou bonificacións se fosen aplicables, e precisando o importe neto a satisfacer, coincidente co ingreso producido debidamente acreditado co xustificante bancario, ademais da documentación que corresponda.

B) Taxa por expedición de documentos administrativos e realización doutras actividades administrativas:

1.- A realización dos servizos ou actividades aos que fai referencia esta taxa, levaranse a cabo a instancia de parte, incluíndo as correccións que respecto ao concepto número 11 que figura no artigo 7 desta ordenanza, podan realizarse ao longo dun proceso de licitación ou doutro distinto no que quedara esixido tal requisito.

2.- A xestión tributaria levarase a cabo pola forma de autoliquidación dos/as obrigados/as tributarios que se realizará cumprimentando os datos que correspondan segundo o Modelo que figura no Anexo II desta Ordenanza, e onde ditos/as obrigados/as ademais de comunicar ao Consorcio, os datos necesarios para a liquidación do tributo e outros de contido informativo, realizan por sí mesmos as operacións de cualificación e cuantificación necesarias para determinar e ingresar o importe da débeda tributaria ou, no seu caso, determinar a cantidade que resulte a desenvolver ou compensar.

3.- As autoliquidacións presentadas polos/as obrigados/as tributarios poderán ser obxecto de verificación e comprobación polo Consorcio que, practicará, no seu caso, a liquidación que proceda (Anexo III). En todo caso, e para os fins de realización da autoliquidación, os efectivos/persoal do Consorcio colaborarán e prestarán aos/ás obrigados/as tributarios, a colaboración e información que precisen.

4.- No que toca ao procedemento de devolución derivada da presentación da autoliquidación, seguirase o disposto a estes efectos polos artigos 123 a 127 da Lei Xeral Tributaria.

5.- Os modelos de solicitude e autoliquidación citados nos artigos 8 e 9B).2, respectivamente, e que figuran nos Anexos I e II, quedan aprobados polo órgano competente con ocasión da aprobación da ordenanza da que forman parte.

6.- O importe da taxa ingresarase, ben directamente no Consorcio a través da conta bancaria establecida ao efecto ou ben, de ser o caso, na Administración pública a quen se tivera delegado, no seu caso, a recadación da taxa.

O xustificante de pago da taxa xuntarase á solicitude de expedición de documentos ou realización de actividades administrativas (non se realizarán os servizos solicitados, ata que se acredite o pago da taxa).

Artigo 10º.- Infraccións e sancións tributarias.

En materia de cualificación das infraccións e da aplicación das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 11º.- Delegación

O Consorcio poderá delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación tributaria da taxa ao Servizo de Recadación da Deputación Provincial de Lugo.

Artigo 12º.- Convenios con outras entidades.

O Consorcio poderá establecer convenios con outras entidades, para a recadación da taxa correspondente.

Artigo 13º.- Dereito supletorio.

1.- Para todo o non previsto na presente Ordenanza, estarase ao disposto ao efecto, polas normas do vixente ordenamento xurídico de aplicación, en especial, ao Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; á Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos; á Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria; á Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

2.- Así mesmo, serán de aplicación o resto das normas do ordenamento xurídico que derroguen ou modifiquen ás vixentes no momento de se aprobar a presente ordenanza ou durante a vixencia da mesma.

Disposición Transitoria.-

Ata a entrada en vigor desta ordenanza, aplicarase a anterior, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 010, de data 13/01/2012.

Disposición derogatoria.- Á entrada en vigor da presente Ordenanza, quedará derogada a Ordenanza Fiscal nº 1 reguladora da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios, salvamento, expedición de documentos administrativos e determinadas actividades administrativas, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 010, de data 13/01/2012.

Disposición Final.- Ordenación, modificación, entrada en vigor e vixencia.

1.- A ordenación do tributo regulado pola presente ordenanza, levouse a cabo mediante acordo de aprobación inicial da mesma, adoptado polo Pleno do Consorcio, en sesión celebrada o día 28 de novembro de 2004 e o acordo provisional elevouse automaticamente a definitivo ao finalizar o período de exposición ao público, por non ter recibido reclamacións.

2.- En consonancia co establecido no parágrafo 4 do artigo 17 do TRLRFL, esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro xunto co acordo de aprobación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, e permanecerá vixente de forma indefinida, ata a súa expresa derogación ou

---

modificación, comprendendo dentro destas, calquera modificación no ordenamento xurídico de superior xerarquía que a fagan inaplicable total ou parcialmente, segundo corresponda.

Lugo, 27 de xaneiro de 2025.- O Secretario do Consorcio, José Antonio Mourelle Cillero.

ANEXO I  
MODELO DE SOLICITUDE

D<sup>a</sup>/D. \_\_\_\_\_  
*(nome e apelidos do/a interesado/a ou do/a representante)*, co D.N.I. núm. \_\_\_\_\_  
 en nome propio (ou na representación de) \_\_\_\_\_  
*(no seu caso, persoa física ou xurídica á que representa)*, co D.N.I./CIF \_\_\_\_\_  
*(da persoa física ou xurídica a quen representa)* e domicilio a efectos de notificación en \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_, teléfono de contacto \_\_\_\_\_  
 e correo electrónico \_\_\_\_\_.

SOLICITA

A expedición da documentación seguinte ou de ser o caso, a realización das seguintes actividades (dentro das enumeradas no artigo 7 da Ordenanza):

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

A/O SOLICITANTE;

Asdo.: \_\_\_\_\_

ILMO. SR. PRESIDENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

ANEXO II  
 MODELO DE AUTOLIQUIDACIÓN  
 DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS  
 E DETERMINADAS ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS

DATOS DO SOLICITANTE-BENEFICIARIO:

Nome, apelidos e DNI: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Data da solicitude: \_\_\_\_\_

De acordo coa solicitude formulada, presenta AUTO-LIQUIDACIÓN da taxa de conformidade co seguinte:  
*(Cubrir os apartados segundo os números dos conceptos que figuran no art. 7 da Ordenanza).*

NÚMERO	CUSTO UNITARIO	UNIDADES	TOTAL LIQUIDACIÓN

Total a ingresar: \_\_\_\_\_ euros, importe da cota tributaria.

FORMA DE INGRESO *(Marcar cun "x" a realizada).*

- Mediante ingreso na conta bancaria n.º \_\_\_\_\_ do Consorcio segundo recibo xustificativo do ingreso que se acompaña ao presente.
- Mediante ingreso na conta n.º \_\_\_\_\_ da administración pública a quen o Consorcio tivese delegado a recadación da taxa.

OBSERVACIÓNS:

Consonte dispón o artigo 9B).6 da Ordenanza, non se expedirá e entregará a documentación solicitada nin se realizará a actividade administrativa ata en tanto non estea acreditado o pago.

RÉXIME DE INGRESOS INDEBIDOS:

Consonte dispón o art. 124 e concordantes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, para o caso de que fora preciso, o procedemento de devolución iniciarase mediante a presentación ben doutra autoliquidación da que resulte a contía, no su caso, a devolver, ou mediante escrito - solicitude de comunicación de datos.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

O/A OBRIGADO/A TRIBUTARIO

Asdo.: \_\_\_\_\_

ANEXO III

NOTIFICACIÓN - LIQUIDACIÓN DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS E REALIZACIÓN DE DETERMINADAS ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS

DATOS DO SOLICITANTE-BENEFICIARIO:

Nome, apelidos e DNI: .....

Enderezo: .....

Data da solicitude: .....

LIQUIDACIÓN: Art. 7 da Ordenanza.

NÚMERO	CUSTO UNITARIO	UNIDADES	TOTAL LIQUIDACIÓN

Total a ingresar:..... euros, débeda definitiva.

FORMA DE INGRESO

Mediante ingreso na conta bancaria n.º ..... do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servicio contra Incendios e Salvamento.

Mediante ingreso na conta bancaria n.º ..... da administración pública .....a quen o Consorcio tivese delegado a recadación da taxa.

PRAZO DE INGRESO:

1. Se a presente notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes: desde a data da recepción desta notificación ata o día 20 do mes seguinte ou, se este non fose hábil, ata o primeiro hábil inmediato seguinte.

2. Se a presente notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último do mes: desde a data da recepción desta notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o primeiro hábil inmediato seguinte.

OBSERVACIÓNS:

Consonte dispón o artigo 9B).6 da Ordenanza, non se expedirá e entregará a documentación solicitada nin se realizará a actividade administrativa solicitada ata en tanto non estea acreditado o pago.

RÉXIME DE RECURSOS:

Contra a anterior liquidación poderá Vde. interpoñer ante a Presidencia do Consorcio, o recurso de reposición no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao da notificación expresa da presente liquidación, e de acordo e coas formalidades que a estes efectos cita o artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (Boletín Oficial do Estado núm. 59 do 9 de marzo; Rectificación erros no núm. 63 do 13 de marzo). Contra a resolución do citado recurso poderá interpor recurso contencioso-administrativo conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción.

En ....., ..... de ..... de 20.....

O LIQUIDADADOR,

Asdo.: .....

RECIBÍN A LIQUIDACIÓN QUE PRECEDE

En ....., ..... de ..... de 20....

O SOLICITANTE

Asdo.: .....

## CONCELLOS RIBEIRA DE PIQUÍN

### *Anuncio*

Ó non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ó publico, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo) relativo á aprobación da modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de centro de día para persoas maiores do Concello de Ribeira de Piquín, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra o presente acordo, interporase recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Ribeira de Piquín, 27 de xaneiro de 2025.- O Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN**

#### **Artigo 1. Natureza, obxecto e fundamento**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local, e de conformidade co disposto nos artigos 24 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como, o disposto na Lei 8/1989, de 13 de abril, de Tasas e Prezos Públicos, este Concello de Ribeira de Piquín establece o prezo público pola prestación dos servizos no Centro de Día de Ribeira de Piquín, que se rexirán pola presente ordenanza e cuxas normas atenden ao previsto no citado Real Decreto Legislativo 2/2004.

#### **Artigo 2. Feito imponible**

O prezo público a que se refire esta ordenanza esixirase pola prestación do servizo consistente na atención no Centro de Día de titularidad municipal de Ribeira de Piquín.

#### **Artigo 3. Suxeitos pasivos**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado na presente ordenanza quenes utilicen ou se beneficien dos servizos e actividades prestadas ou realizadas no Centro de día de titularidade municipal, ou ben os seus titores legais, de ser o caso.

#### **Artigo 4. Tarifas**

Para os efectos de determinar os prezos aplicables aos distintos servizos que se prestarán no centro de día diferenciaranse os seguintes:

##### **A. SERVIZOS DE MANUTENCIÓN E TRANSPORTE**

Servizos	Custo do servizo
Almorzo	22 euros/mes (1 euro/día)
Comida	154 euros/mes (7 euros/menú día)
Merenda	44 euros/mes (2 euros/día)
Transporte	176 euros/mes (4 euros/traxecto)

O servizo de transporte está incluído para as persoas que residen no municipio, e este será nas mañás, na entrada do centro, e polas tardes, para as saídas.

##### **B. SERVIZO DE ASISTENCIA**

Servizos	Custo do servizo
Dependencia moderada	22 euros/mes (1 euro/día)



Dependencia severa	44 euros/mes (2 euros/día)
Gran dependencia	88 euros/mes (4 euros/día)

Entendéndose por dependencia moderada, severa e gran dependencia as persoas que se atopan nalgunha das situacións seguintes ou similares e atoparse en situación de dependencia nalgún dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

<p><u>Dependencia moderada</u> (A persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria polo menos unha vez ao día ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal)</p>	<p>Para determinar de entre estas tres escalas a situación na que se atopa cada un dos usuarios do centro de día, terase en conta o informe emitido polo/a traballador/a social do concello segundo o baremo establecido para o efecto e que se indica a continuación:</p>	
	Lavarse	<p>Non recibe axuda no baño. Precisa axuda para lavar unha parte do corpo (as costas ou algunha extremidade incapacitada). Precisa axuda para lavar máis dunha parte do corpo, para entrar ou saír da bañeira, ou non pode bañarse soa.</p>
<p><u>Dependencia severa</u> ( A persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria dúas ou tres veces ao día pero non require o apoio permanente dun cuidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal)</p>	Arranxarse	<p>Non recibe axuda para lavarse a cara, mans, dentes, peitearse, afeitarse e maquillarse. Precisa axuda para limpar dentes, peitearse, afeitarse, maquillarse. Precisa axuda para todas as actividades anteriores.</p>
	Vertirse (inclúe coller roupa de armarios e caixóns)	<p>Non precisa axuda para coller roupa, poñela, poñer complementos, abotoarse, atar os zapatos. Precisa axuda para coller roupa, vestirse algunha peza ou complemento, atar os zapatos. Precisa axuda para coller a roupa e vestirse.</p>
<p><u>Gran dependencia</u> ( A persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial necesita o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal)</p>	Usar o retrete	<p>Non precisa axuda para ir ao retrete, limpase e coloca a roupa sen axuda (pode usar barra de apoio, bastón, etc.), e pode manexar cuñas ou orinais. Precisa axuda para ir ao retrete ou na limpeza, colocación da roupa, uso da cuña ou orinal. Non pode realizar ningunha das anteriores actividades.</p>
	Deambular	<p>Non precisa axuda para camiñar menos de 50 metros, aínda que se axude con bastón, muletas, próteses ou andador sen rodas. Precisa axuda física ou supervisión para camiñar máis de 50 metros. Fai uso de cadeira de rodas ou non realiza ningunha das anteriores actividades.</p>
	Escaleiras	<p>Non precisa axuda física ou supervisión para subir e baixar escaleiras, aínda que se axude de muletas ou bastóns ou se apoie en varanda. Precisa axuda física ou supervisión. Non sobe nin baixa escaleiras.</p>
	Trasladarse	<p>Non precisa axuda para ir da cadeira de brazos á cama, ou empregar a cadeira de rodas. Precisa mínima (unha persoa) axuda física ou supervisión. Precisa grande axuda (dúas persoas) aínda que é capaz de manterse sentada ou non realiza ningunha das anteriores actividades.</p>
	Micción (valorar situación semana previa)	<p>Controla a micción ou non precisa axuda para coidarse da sonda ou colector. Precisa axuda para administrarse supositorios ou lavativas, ou ten incontinencias ocasionais (menos dunha vez á semana). Ten incontinencias (máis dunha vez á semana), necesita doutra persoa para administrar lavativas, etc.</p>
	Deposición (valorar semana previa)	<p>Controla esfínteres. Precisa axuda para administrarse supositorios ou lavativas, ou ten incontinencias ocasionais (menos dunha vez á semana). Ten incontinencia (máis dunha vez á semana), necesita doutra persoa para administrar lavativas, etc.</p>

	Alimentación	Non precisa axuda para comer. Precisa axuda para cortar carne, o pan, estender manteiga, etc. Precisa axuda para comer ou aliméntase parcial ou totalmente por tubos ou intravenosamente.
--	--------------	---

### C. IMPORTE A APLICAR PARA OBTEN O CUSTO TOTAL DOS SERVIZOS

Establécese un incremento do custo mínimo dos servizos do centro de día para obter o custo total dos mesmos, a abonar polos usuarios en función da súa capacidade económica referida ao IPREM.

Capacidade económica (referida ao IPREM)	Incremento a abonar
Renda inferior ou igual ao 100% do IPREM	0 euros
Renda superior ao 100% do IPREM e inferior ou igual ao 180% do IPREM	66 euros/mes (3 euros/día)
Renda superior ao 180% do IPREM e inferior ou igual ao 250% do IPREM	110 euros/mes (5 euros/día)
Renda superior ao 250% do IPREM	154 euros/mes (7 euros/día)

Para o cálculo do importe a aplicar para obter o custo total dos servizos terase en conta a renda anual das persoas usuarias do centro de día, a ditos efectos teranse en conta os seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

En canto ás tarifas correspondentes ao servizos de asistencia e o incremento a aplicar para obter o custo total dos servizos, efectuarase unha revisión anualmente das circunstancias que se tiveron en conta para determinar a cuantía das tarifas que corresponde aplicar a cada usuario.

En calquera momento e para o caso en que polo/a traballador/a social do concello se detecte unha variación dos datos ou circunstancias que se tiveron en conta para a aplicación das tarifas, procederá unha nova baremación e actualización das mesmas.

Para o cómputo da renda e do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

Calquera alteración substancial da capacidade económica da persoa usuaria derivada da modificación das prestacións periódica que perciba, determinará unha revisión da mesma e da achega para o pago dos servizos con efectos a partir do primeiro día do mes seguinte da revisión. A tal efecto, a persoa usuaria deberá comunicar ditos cambios á persoa responsable do centro, nun prazo máximo de 10 días a partir do momento no que se produzan.

Unha vez realizada a nova valoración da capacidade económica e da nova participación no custo do servizo, produto da súa modificación, o órgano competente que ditou a resolución de acceso ao servizo, ditará resolución de revisión da nova capacidade económica e por ende da participación no custo do servizo, producindo efectos desde a súa notificación e dando lugar a un novo prezo público a aboar pola persoa usuaria.

### Artigo 5. Devengo e ingreso

Os prezos públicos regulados na presente ordenanza devengarase no momento en que se outorgue a prestación do servizo.

O pagamento destes prezos públicos realizarase a mes vencido, prorrateándose por días naturais cando a alta ou a baixa no servizo non se corresponda co primeiro ou co último día do período. O pagamento

realizarse por domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do servizo, por escrito, no momento da solicitude.

O pagamento da cota realizarase na súa totalidade en concepto de reserva de praza por ausencias voluntarias, as ditas ausencias non poderán ter unha duración superior e conxunta a 42 días no ano, e deberán ser previamente comunicadas cun mínimo de 10 días de antelación ao/á responsable do centro, e nos supostos de ausencias temporais.

Nos casos de ausencias obrigadas, sempre que se fundamenten en causas debidamente xustificadas (acontecementos sobrevidos, forza maior, etc) ata un máximo de 3 meses, a persoa usuaria estará exento do pagamento no correspondente ó primeiro mes.

Será causa de extinción do servizo o non pagamento de dous meses (sexan estes consecutivos ou non) sen causa xustificada.

#### **Artigo 6. Impago do prezo público**

As débedas por impago dos prezos públicos establecidos nesta ordenanza poderán esixirse mediante o procedemento administrativo de apremio, conforme á normativa vixente.

#### **Disposición final única**

A entrada en vigor da presente Ordenanza producirase dende o mesmo día da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

R. 0226

---

#### *Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía núm. 2024/394, de data 16 de decembro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de novembro de 2024, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 17 de decembro de 2024.- Alcalde-presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 0227

---

#### *Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía núm. 2024/395, de data 16 de decembro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de novembro de 2024, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 17 de decembro de 2024.- Alcalde-presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 0228

---

#### *Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía núm. 2025/18, de data 27 de xaneiro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de decembro de 2024, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 27 de xaneiro de 2025.- Alcalde-presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 0229

*Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía núm. 2025/19, de data 27 de xaneiro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de decembro de 2024, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 27 de xaneiro de 2025.- Alcalde-presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 0230

**MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ***Anuncio***RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA**

Asunto: Nomeamento dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade Terra Chá incluídas na Oferta de emprego público de 2022.

**EXPTE.65/2022**

Vista a Resolución de data 27 de decembro de 2024 na que se resolve:

"[...]"

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a proposta do Tribunal para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor, a favor de:

<b>NOME E APELIDOS</b>	<b>DNI</b>
D. GABRIEL ANLLO GARCÍA	****801**

**SEGUNDO.-** Aprobar a proposta do Tribunal de nomeamento como persoal funcionario de carreira do grupo C, subgrupo C1, escala: Administración Xeral, subescala: Administrativo, a favor de:

<b>NOME E APELIDOS</b>	<b>DNI</b>
D.ª NOEMÍ BERTA GARCÍA ABELAIRAS	****934**

**TERCEIRO.-** Notificar aos aspirantes propostos esta Resolución, e requerilos para que no prazo de vinte días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixese pública no BOP, na sede electrónica e na web da mancomunidade presenten a documentación sinalada na base novena das bases xerais ademais da fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión, certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto, fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado do número de conta bancaria, coa advertencia de que quen dentro do prazo indicado nas bases, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderán ser nomeados funcionarios de carreira ou contratados como persoal laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

**CUARTO.-** Ordear a publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sede electrónica e na páxina web da Mancomunidade.

**QUINTO.-** Dar conta da presente a Xunta Plenaria da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que éste celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

"[...]"

Visto que a base 9.1 das bases xerais dos procesos sinala que no prazo de vinte días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixese pública a relación definitiva de aspirantes aprobados no BOP, na sede electrónica e na web da mancomunidade, os aspirantes propostos achegarán a documentación requerida.

Vista a publicación da relación definitiva de aspirantes no BOP, núm. 300 de 30 de decembro de 2024, na sede electrónica e na web da Mancomunidade.

Visto que a candidata proposta para ser nomeada como persoal funcionario de carreira do grupo C, subgrupo C1, escala: Administración Xeral, subescala: Administrativo, Dona Noemí Berta García Abelairas presentou dentro de prazo a documentación requerida na citada Resolución e nas bases.

Visto que o candidato proposto para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor, Don Gabriel Anllo García presentou dentro de prazo a documentación requerida na citada Resolución e nas bases, coa excepción do certificado médico, que non presentou por causa xustificada de forza maior ao encontrarse o mesmo na situación de incapacidade temporal.

Visto que a base 9.2 sinala que conforme ao disposto no artigo 23.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado. quen dentro do prazo indicado nas presente bases, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderán ser nomeados funcionarios de carreira ou contratados como persoa laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Visto que a Dirección Xeral de Función Pública, en consultas, entre outras de 21 de maio e 3 de xullo de 2018, tralo análise da normativa e xurisprudencia aplicable, dispón que se considera que a situación de incapacidade temporal debidamente acreditada que cumpra coas esixencias fixadas na xurisprudencia e non sexa causa de incapacitación funcional, constitúe causa xustificada de forza maior que permitiría que a toma de posesión prodúzase unha vez finalice dita causa.

Vista que está debidamente acreditado que Don Gabriel Anllo García encontráse en situación de incapacidade temporal, que non é causa de incapacitación funcional, o que permitirá a súa contratación como persoal laboral fixo unha vez finalice a causa que xustifica a súa incapacidade temporal e que supón causa xustificada de forza maior á que se refire o artigo 23.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisións de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.

Visto que nestes casos é necesario prorrogar o prazo para a acreditación dos requisitos exixidos na convocatoria ata o cese da causa que motiva esa forza maior.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, artigo 136 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vigentes en materia de réxime local,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Realizar o nomeamento como persoal laboral funcionario de carreira do grupo C, subgrupo C1, escala: Administración Xeral, subescala: Administrativo, a favor de:

D.ª NOEMÍ BERTA GARCÍA ABELAIRAS	****934**
----------------------------------	-----------

**SEGUNDO.-** A súa toma de posesión efectuaráse no prazo máximo dun mes, contado dende a data de notificación da resolución, conforme a base 10 das bases xerais dos procesos.

**TERCEIRO.-** Prorrogar o prazo para a presentación da documentación requerida para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor de Don Gabriel Anllo García, ata que cese a causa xustificada de forza maior que impide a presentación da referida documentación. A prórroga será de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte ó cese da causa xustificada de forza maior.

**CUARTO.-** Tramitar as incidencias de alta e baixa derivadas deste expediente ante a Seguridade Social.

**QUINTO.-** Notificar a presente Resolución ós interesados, e publicala no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá.

**SEXTO.-** Dar conta da presente a Xunta Plenaria da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que éste celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O manda e asina o Sr. Presidente, D. Armando Castosa Alvariño, en Cospeito, na data que figura á marxe do documento; do que eu como Secretaria -Interventora, dou fe.

Cospeito, 30 de xaneiro de 2025.- O presidente, don Armando Castosa Alvariño. A Secretaria-Interventora, dona Ana María Rubiera Álvarez.

R. 0272